



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. SAN ISIDRO

Roseira, 1 – Neda (A Coruña) - C.P. 15510

Tfno.: 881 930 404/05 - Fax 881 930 406

e-mail: ceip.sanisidro@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro>

PLAN DE CONTINXENCIA

CURSO 2021-2022



C.E.I.P. SAN ISIDRO
NEDA-CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. SAN ISIDRO

Roseira, 1 – Neda (A Coruña) - C.P. 15510

Tfno.: 881 930 404/05 - Fax 881 930 406

e-mail: ceip.sanisidro@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro>

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.
3. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.
4. Liñas xerais do Plan Específico de Actuación para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a Atención á Diversidade.
5. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.



1. INTRODUCCIÓN

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022 VERSION 06-07-2021 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 10.5 da organización e documentos do centro, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19 do CEIP San Isidro, as medidas axeitadas e os procesos requiridos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.

As medidas incluídas neste Plan de Continxencia permanecerán vixentes ata a finalización do curso académico no que se determine o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. **Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro facer a autoenquisa de autoavaliación clínica do covid que se integra no plan de actuación como anexo I. No caso de supostos sospeitosos, debe comunicarse ao centro e**



seguir os pasos que se reflicten no plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2021-2022 do noso centro.

2. Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual, situado na planta baixa.**

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria **chamarase ao 061**. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido



por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da **aparición dun caso**, no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID **incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.**

5. **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da CSC, e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, **determinará** en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena**, o que **se comunicará ao equipo COVID** do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo** na súa totalidade.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria que implicará** por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non



universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Neste apartado recolleremos as actuacións que nos marca o plan de continxencia e as actuacións que levaremos a cabo no noso centro.

1. **Ensino non presencial:** En previsión de que nos podamos encontrar cunha situación de ensino a distancia establecemos os seguintes mecanismos de traballo:
 - O ensino a distancia será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.
 - No centro hai creado un equipo TICS, dentro do equipo hai unha persoa encargada das aulas virtuais.
 - O profesorado terá unha formación continua, por medio dun curso creado na aula virtual. Todos os mestres do centro estarán matriculados. Atópanse os vídeos explicativos para traballar coas distintas ferramentas que pon a disposición dos mestres a Consellería.
 - O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. **Alumnado con dificultades de conexión:** Os diferentes titores/as informarán ao equipo COVID do centro do alumnado, da súa titoría, que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para informar á Consellería e que esta adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.



3. **Avaliación:** Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. **Medidas durante o período de suspensión da actividade presencial :**

- a) Uso da aula virtual nos cursos de Educación Infantil e de Primaria ata 4º de Educación Primaria. Os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria empregaran E-Dixgal.
- b) Os medios de comunicación coas familias serán a través de: Abalarmóbil, correo electrónico, ou outros que familia e titor/a teñan pactado. O importante é manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- c) O departamento de orientación xunto co/a titor/a determinará un plan de actuación específico para o alumnado NEAE.
- d) O Departamento de Orientación colaborará cos titores/as deseñando estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres que o alumnado teña que seguir a ensinanza dende a casa, así como continuar coa atención do alumnos con NEE.
- e) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- f) Revisión trimestral do plan de actuación e continxencia do centro.
- g) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

5. **Horarios espello:**

No caso de que se pechara algunha aula/s ou houbera un período de actividade lectiva non presencial, levaríase a cabo unha actividade docente a distancia. Por este motivo seguirase una actividade cuns horarios semellantes aos que se están desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade e servirían como guía para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe dende os domicilios.

O protocolo establece que o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben



os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Este horario para o docencia a distancia, de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, deberá establecer un orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible. Tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos, poderá reducirse a duración de cada sesión lectiva ata un máximo do 40%.

Os horarios espello son os que seguen:

4º EDUCACIÓN INFANTIL					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
9:40 – 10:20	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
10:20 – 11:00	RELIXIÓN /VALORES	E.F.	GLOBALIZ.	INGLÉS	GLOBALIZ.
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	MERENDA				
	H O R A D E L E R				
12:00 – 12:45	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	MÚSICA	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
12:45 – 13:45	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.

5º EDUCACIÓN INFANTIL					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
9:40 – 10:20	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
10:20 – 11:00	GLOBALIZ.	INGLÉS	GLOBALIZ.	E.F.	GLOBALIZ.
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	MERENDA				
	H O R A D E L E R				
12:00 – 12:45	MÚSICA	RELIXIÓN/ VALORES	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
12:45 – 13:45	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.

**6º EDUCACIÓN INFANTIL**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
9:40 – 10:20	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.
10:20 – 11:00	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	E.F.
11:00 – 11:30	H O R A D E L E R				
	MERENDA				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	RELIXIÓN/ VALORES	INGLÉS	GLOBALIZ.	MÚSICA	GLOBALIZ.
12:45 – 13:45	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.	GLOBALIZ.

1º

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	INGLÉS	INGLÉS	MATEMÁT.	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA
9:40 – 10:20	MATEMÁT.	MATEMÁT.	E.A.	MATEMÁT.	MATEMÁT.
10:20 – 11:00	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	E.A.	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	H O R A D E L E R				
12:00 – 12:45	LINGUA GALEGA	E.F.	LINGUA GALEGA	E.F.	CIENCIAS NATUREZA
12:45 – 13:45	CIENCIAS NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	VALORES

2º

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	INGLÉS
9:40 – 10:20	RELIXIÓN/ VALORES	RELIXIÓN/ VALORES	LINGUA GALEGA	E.A.	MATEMÁT.
10:20 – 11:00	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	E.F.	E.A.	LINGUA CASTELÁ
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	H O R A D E L E R				
12:00 – 12:45	E.F.	CIENCIAS NATUREZA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA
12:45 – 13:45	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS NATUREZA



3º					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁT.	MATEMÁT.	LINGUA CASTELÁ
9:40 – 10:20	MATEMÁT.	MATEMÁT.	INGLÉS	LINGUA GALEGA	E.A.
10:20 – 11:00	E.F.	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	E.A
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	H O R A D E L E R				
12:00 – 12:45	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	E.F.	INGLÉS	LINGUA GALEGA
12:45 – 13:45	LINGUA GALEGA	RELIXIÓN/ VALORES	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS NATURAIS

4º					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.
9:40 – 10:20	E.A,	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	INGLÉS	INGLÉS
10:20 – 11:00	E.A.	RELIXIÓN/ VALORES	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
11:00 – 11:30	H O R A D E L E R				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	E.F.
12:45 – 13:45	CIENCIAS SOCIAIS	E.F.	CIENCIAS NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATUREZA

5º					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	RELIXIÓN/ VALORES	MATEMÁT.	INGLÉS	MATEMÁT.	MATEMÁT.
9:40 – 10:20	MATEMÁT.	E.A.	MATEMÁT.	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA
10:20 – 11:00	INGLÉS	E.A.	CIENCIAS NATUREZA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ
11:00 – 11:30	H O R A D E L E R				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS
12:45 – 13:45	E.F.	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	E.F.	CIENCIAS NATUREZA

**6º**

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50-9:40	L.G.	VALORES/ REL	L.G.	L.E.	L.G.
9:40-10:20	L.E.	L.C.	MATEMÁTICAS	L.C.	L.C.
10:20-11:00	C.S.	MATEMÁTICAS	L.E.	MATEMÁTICAS	L.E.
11:00-11:30	HORA DE LER-DESCANSO				
11:30-12:00	RECREO-DESCANSO				
12:00-12:45	MATEMÁTICAS	E.A.	C.S.	C.S.	MATEMÁTICAS
12:45-13:45	C.N.	E.A.	E.F.	C.N.	E.F.

- OBSERVACIÓNS DA TITORA :

- A docencia virtual é unha modalidade educativa que se centra na aprendizaxe dos estudantes, promovendo o traballo autónomo e o desenvolvemento cognitivo e persoal con actividades críticas que desenvolvan a construción do seu propio coñecemento e evitar a memorización pasiva de información.

O docente ocupa o papel de motivador, orientador do proceso de ensinanza-aprendizaxe, facilitador de recursos e acompañante no proceso formativo.

Así pois, concibir a docencia virtual unicamente como videoconferencias é reducir e simplificar moito o amplo abano de posibilidades que pode ofrecer este tipo de docencia.

Tal e como levan realizando o meu grupo de alumnos desde o curso 2018-2019, a docencia virtual inclúe:

- Uso da aula virtual e todos os recursos asociados a ela (glosarios, leccións, tarefas, actividades scorm, enlaces url, probas, ficheiros, páxinas, xogos, etc.)
- Recursos interactivos das propias editoriais.
- Recursos interactivos de creación propia (Edilim, Ardora, etc.)
- Uso de foros nas distintas áreas da plataforma.
- Mensaxería da propia plataforma.
- Videoconferencias.
- O uso da videoconferencia diaria durante gran parte da mañá no caso desta aula contribuirá a xerardiversos problemas:
 - Desigualdades entre o alumnado, favorecendo a fenda dixital. Hai alumnos que dependendo do proxenitor co que estean a vivir esa semana terán ou non terán acceso á rede.
 - Outra parte do alumnado ten que compartir os medios con máis irmáns ou mesmo cos seus proxenitores se teñen que teletraballar.



- Noutros casos este alumnado queda ao coidado de persoas maiores que non teñen os coñecementos para vixiar o acceso á rede destes menores.
- No caso de suspenderse a docencia presencial, programaranse tarefas respectando o horario da aula.

INGLÉS/MARÍA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	1º	1º	5º	6º	2º
9:40 – 10:20	6º	APOIO	3º	4º	4º
10:20 – 11:00	5º	5º E.I.	6º	4º E.I.	6º
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	HORA DE LER				
12:00 – 12:45	3º	6º E.I.	4º	3º	5º
12:45 – 13:45	APOIO	2º	GARDA	GARDA	BIBLIO

E.A./JULIA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	XEFAT.	XEFAT.	XEFAT.	GARDA	GARDA
9:40 – 10:20	4º	5º	1º	2º	3º
10:20 – 11:00	4º	5º	1º	2º	3º
11:00 – 11:30	HORA DE LER				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	5º E.I.	6º	4º E.I.	6º E.I.	C.N.1º
12:45 – 13:45	C.N.1º	6º	APOIO	XEFAT.	BIBLIO

E.F./ANTONIO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	MATE 4º	MATE 4º	MATE 4º	MATE 4º	MATE 4º
9:40 – 10:20	GARDA	BIBLIO	COORD.	COORD.	GARDA
10:20 – 11:00	3º	4º E.I.	2º	5º E.I.	6º E.I.
11:00 – 11:30	R E C R E O				
11:30– 12:00	HORA DE LER				
12:00 – 12:45	2º	1º	3º	1º	4º
12:45 – 13:45	5º	4º	6º	5º	6º



PROA/ BELÉN					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40			6º	6º	6º
9:40 – 10:20			6º	6º	6º
10:20 – 11:00			6º	6º	6º
11:00 – 11:30	RECREO/HORA DE LER				
11:30– 12:00	HORA DE LER/RECREO				
12:00 – 12:45			6º	6º	6º
12:45 – 13:45					

ARCO/ALEJANDRO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	4º	4º		5º	5º
9:40 – 10:20	5º	4º	5º	5º	5º
10:20 – 11:00			5º	5º	5º
11:00 – 11:30	RECREO/HORA DE LER				
11:30– 12:00	HORA DE LER/RECREO				
12:00 – 12:45					
12:45 – 13:45					

P.T.P./ ANA MALLO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	4º	4º	4º	4º	4º
9:40 – 10:20	4º	4º	4º	4º	4º
10:20 – 11:00	4º	4º		4º	4º
11:00 – 11:30	HORA DE LER				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	4º	4º	4º	4º	
12:45 – 13:45	4º	5º	4º		4º



A.L./PAULA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	AL		AL		AL
9:40 – 10:20	AL		AL		AL
10:20 – 11:00	AL		AL AL		AL
11:00 – 11:30	H O R A D E L E R				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	AL		AL		AL
12:45 – 13:45	COORD. NORMALIZ.		AL		AL

P.T./ ANA SOFÍA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40	PT	PT	PT	PT	PT
9:40 – 10:20	PT	PT	PT	PT	PT
10:20 – 11:00	PT	PT	PT	PT	PT
11:00 – 11:30	H O R A D E L E R				
11:30– 12:00	R E C R E O				
12:00 – 12:45	PT	PT	PT	PT	PT
12:45 – 13:45	COORD. .BIBLIO	PT	PT	PT	COORD. BIBLIO

O titor/a informará ás familias das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.



4. LIÑAS XERAIS DO PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL GARANTINDO A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Resolución de 18 de febreiro de 2021, e coa finalidade de posibilitar a mellor resposta educativa ao alumnado vulnerable no caso de que a situación motivada pola COVID-19 requira pasar a un ensino nun contexto non presencial, establece a seguinte organización dos recursos humanos e materiais:

1º A Xefa do Departamento de Orientación:

- Seguirá a facer un seguimento de todo o alumnado con informe psicopedagóxico (co profesorado, alumnado e familias).
- Asesorará aos titores e equipos docentes, nos axustes e modificacións que sexan precisos, derivados da situación de confinamento, no relativo aos contidos, á metodoloxía, actividades, avaliacións, reforzos, etc....
- Fará un seguimento do alumnado, xunto cos equipos docentes, para evitar o risco de abandono ou desconexión temporal por mor do confinamento.
- Proporcionará asesoramento e apoio emocional ao alumnado.
- O horario de atención ás familias e alumnado será flexible, sempre que o precisen, a través de medios telemáticos ou telefónicos.



2º As mestras especialistas de PT e AL:

- Seguirán a desenvolver os programas individualizados de intervención con cada un dos seus alumnos. Realizaranse as adaptacións metodolóxicas, de actividades e recursos precisas segundo as necesidades e situacións de cada alumno/a. Proporcionarán as actividades semanais, para cada alumno, a través da Aula Virtual ou a través dos medios que crean convenientes.
- Os seus horarios de docencia serán os que correspondan a cada alumno/a.
- Proporcionarán apoio directo ao alumnado a través de medios telemáticos, telefónicos, etc... consensuados coas familias.
- A atención ás familias levarase a cabo nos horarios establecidos a tal fin, na PXA, a través de medios telemáticos ou telefónicos.

Ao alumnado que, polas súas circunstancias persoais, non dispoña dos recursos axeitados para desenvolver dun xeito eficaz, as súas aprendizaxes, nin poida manter unha comunicación fluída cos mestres, proporcionaráselle aqueles recursos previa petición dos mesmos conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19.

5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación de retorno á actividade presencial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. SAN ISIDRO

Roseira, 1 – Neda (A Coruña) - C.P. 15510

Tfno.: 881 930 404/05 - Fax 881 930 406

e-mail: ceip.sanisidro@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro>

O presente Plan de Continxencia establécese para o curso actual 2021/2022. Realizarase unha revisión trimestral do mesmo e/ou cando as circunstancias cambien e sexa necesario modificar o anteriormente exposto.

Neda, 26 de outubro 2021

A secretaria

A Directora

Susana Sánchez Doce

Natalia Dopazo Couto